

A MIMOSA



Nº-7 Abril de 2007 Boletín veciñal Casdenodres- Galiza- O mundo

O MAGOSTO



Foto.- Imaxen da portada do primeiro número da Mimoso.

Un bo magosto faise nos santos,cando a castaña está no mellor momento. Para asar fai anos era usado o cacho, unha especie de sartén cadrada que se puña enriba do lume. Os billotes están ben asados cando comenzan a estalar dentro do cacho. Para comer o magosto faise unha xuntanza de veciños que cos billotes beben viño novo caseiro, é unha das mellores xuntanzas do ano porque no inverno non se poden xuntar tantas veces os veciños e pásase de cine.

OS TRABALLOS DOS PEQUENOS FAI ANOS

Agora que está de moda o falar da explotación dos nenos mediante o traballo, eu acórdome do que faciamos nos cando éramos pequenos. Podía parecer que me lembro como algo muy malo, como por outro lado era, sin embargo o pasar os anos o recuerdo que teño dos traballos mais importantes do ano evócanme con nostalgia a infancia e están asociados o trascurrir das distintas estacións e en consecuencia o paso do tempo.

A espaxa da herba supoñía o verán. A arranca das patacas o inicio do outono e en consecuencia (no meu caso) o marchar por que empezaba o curso escolar. O facer a augardente anunciaba o inverno. A corta da leña e a espaxa do abono indicaban que a primavera estaba cerca.

A participación dos rapaces, e xa desde muy pequenos, nas distintas labores era importante. Desde a perspectiva de hoxe podería parecer que en algúns traballos pouco podíamos facer; sen embargo, a realidade e ben distinta xa que en todos eles tiñamos unha participación muy activa.

Unha das faenas que recuerdo con claridade e case como día de festa era cando mutilábamnos as ovellas. Esta labor era outra das que supoñía o inicio da primavera. Os pequenos (desde os 7-8 anos) empezábamnos por os cordeiros. As tixeiras que usábamnos solean ser mais pequenas e non sempre as que mais cortaban por eso os pobres cordeiros acababan, as veces, sangrando por varios sitios. Cando podíamos xa o faciamos nos, pero os primeiros anos, tiñamos que axudar a atarlle as catro patas xuntas e subilos os mazadoiros, onde a modo de mesas de operacións empezábamnos a mutilar.

Mentres non valíamos para outras cousas, quitábamnoslle as moscas as vacas cando estaban unxidas, repartíamos a bota do viño, íbamos a buscar auga a fonte, gardábamnos o ganado ... En fin, desde a visión de hoxe explotábamnos desde ben pequenos.

Convén lembrar todo esto porque o mellor agora pasamos de un extremo o outro e como reza o dito todos os extremos son malos.

O CONSULTORIO DO DOUTOR DOENTE : “A PREGUNTAS INUTIS, RESPOSTAS ABSURDAS”

O Gato Durminte.

¿Cantas horas durme unha vaca? ¿Os peixes durmen?

Cada animal durme de diferente forma, e un número de horas diferente; normalmente os mamíferos máis pequeniños durmen máis horas que os maiores.

As jirafas por exemplo só durmen a ratíños durante sete ou oito minutos, e un animal chamado armadillo pode durmir hasta vinte horas o día. As vacas durmen só catro horas e un cabalo tres e media o día.

Podemos atoparnos con outro tipo de animais que durmen varios meses no inverno, como o oso, son os que invernan.

Os máis curiosos son os delfíns, si quedaran durmidos baixo a auga afogarían, xa que como son mamíferos teñen que subir cada certo tempo a respirar, polo que unha metade do seu cerebro durme mentras o outro vigila.


Cuando falamos de durmir e nos fixamos nas nosas casas, o que máis durme e o gato, isto ocorre normalmente... inda que a finais de agosto os mozos chegalles ben. Os homes normalmente durmen unhas oito horas, os perros dez e os gatos... ¡dazasete!. Estes animalíños pasan sobre un 71% do día a soñar, se un gato ten sete anos, pasou cinco durmindo.

Pero o tempo que durma un gato depende de outras cousas, un gato solitario durme máis que un que ande con outros gatos ou con outros “bichos”... Si pudesen escoller os gatos durmirían todo o día e pasarían por ahí toda a noite. Po eso son moito máis activos a noite que a mañá.

Igual que o home ten fases no sono, os gatos tamen; teñen dúas fases: sono lixeiro e sono profundo. No sono lixeiro o gato desperta e durme, desperta e durme, e así de continuo se non hai nada que chame a súa atención, poden pasar así hasta doce horas o día. Cuando se atopa no sono profundo o cerebro do gato sigue alerta (como o de mutas nais...), tan activo como cando está desperto.

¡Pois ala; un pouquiño de leite e a roncar!

- Ruben -



FONTANERÍA Y
CALEFACCIÓN

Hnos.
SEOANE

Teléfono: 988 35 02 08
Particular: 988 29 43 38
Móvil: 689 54 82 68

32368 SANTA CRISTINA - A VEIGA (Ourense)

FOTOS DE ONTE E HOXE

As de onte



Foto.- Aquí temos fai uns poucos de anos estas xentes do pobo.



FOTOS DE ONTE E HOXE

As de hoxe



Foto.- Aquí temos os gañadores do partido de fútbol deste vrao entre solteiros e casados (os casados).



Foto.- Aquí temos os nenos subidos no carro o día 7 de Agosto.

CONTOS E LENDAS

Rock de Peinaballa

Estribillo

- 1) ROCK, ROCK, ROCK DE PEINABALLA.
- 2) ROCK, ROCK, ROCK DE PEINABALLA.

Estrofa primeira

EU SON LABREGO E MEDIO TOLO ESTOU,
E TRAS DAS VACAS POR O MONTE VOU,
E OS DOMINGOS CANDO NO TEÑO ONDE IR,
CAMBIOME DE ROUPA E BAILO O ROCK AND ROLL.

Estribillo 1 Y 2

Estrofa segunda

A EUFEMIA PARA PEINARSE, XA NON NECESITA PEINE,
PORQUE A PEINA OI FAUSTINO, CON MANGO DO SEU ENGAZO.

Estribillo 1 Y 2

Estrofa terceira

O TIU MIS FOI A LEÑA A BAÑOS,
E CARGOU UNA CARRADA PEQUENA,
PERO APRETOULLE TANTO OS APOLADOURIOS O CARRO,
QUE O CARRA XA CANTABA SOIO,
¡ E QUE CANTABA O CARRO!

- 1) ROCK, ROCK, ROCK DE AFROXAR O CARRO
- 2) ROCK, ROCK, ROCK DE AFROXAR O CARRO

E FROXA... E FROXA.... E FROXA

MARUXIÑA, MARUXA BAILA O ROCK DE PEINABALLA

XA ME DIXO O TEU PAI QUE TE SAQUE A BAILAR,
E NO MEDIO DO BAILE QUE TE DEIXE QUEDAR.

Estribillo 1 y 2

O QUE FIXEMOS

Aquí tedes a primeira páxina do proxecto que fixeronos pra recuperar estos temas como habíamos acordado na xunta. Os temas son a recuperación da fonte, facer un banco corrido de granito o redor do platanero e a creación dun area de descanso na Cruz, donde xa se procedeu a derrubalo lavadeiro. O presuposto das obras que a empresa consultora calibrou é de 28.867,05 euros IVA incluído. A subvención solicitouse a CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE.



“Recuperación ambiental de áreas degradadas en Casdenodres - A Veiga. (Ourense)”



VOCABLOS

- | | |
|-------------|---|
| 1.- ARCA | a.- tea confeccionada co liño. |
| 2.- AIRA | b.- moble de madeira que ten tapa e serve para conservar os alimentos. |
| 3.- CACHO | c.- grasa do cocho curada no fume. |
| 4.- ESCANO | d.- lugar onde se facian as mallas do centeo. |
| 5.- ESTOPA | e.- recipiente onde se facia o caldo. Tiña tapa e tres pés para apoiar no chan. |
| 6.- UNTO | f.- especie detixola cadrada para asar as castañas. |
| 7.- POTE | g.- recipiente feito de pedra para botar a comida os porcos. |
| 8.- MIUDOS | h.- banco de madeira para se sentar. |
| 9.- MASEIRA | i.- tripas e vísceras dos animais. |



CHIRICAGUA
VIANA

EDITORIAL

MI PUEBLO

Mi pueblo es pequeño
y se esconde entre la naturaleza.
está situado en Galicia
donde allí hay mucha pericia.
Allí tengo dos perros, uno marrón,
que al tocarlo parece algodón
y el otro gris, que al verlo le llamamos "Ris"
Allí hay una plaza donde nosotros jugamos
para pasar el rato.
También hacemos cabañas
donde se meten las arañas.
En agosto hacemos fiestas
y también tenemos "El Magosto"
El día 6 viene la orquesta,
y eso sí que es una verdadera fiesta!!

y así es mi pueblo:
"Casdenodres"

Laura Labal

O millor editorial que poderíase haber ocorrido, ahí a tedes, unha poesía dunha rapaza do pobo. Fixaros todos das ganas que poñen os rapaces a hora de colaborar no pobo, un orgullo de verdade.



HOTEL RESTAURANTE AS CHAIRAS
TELEFONO: 988350168

Recordadeos a nosa dirección de correo para mandar as colaboracións: casdenodrescap@terra.es
Solución dos vocablos: 1-b, 2-d, 3-f, 4-h, 5-a, 6-c, 7-e, 8-i, 9-g. Faciliño como sempre.